

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE NOVEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día doce de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 5 de novembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia



- Real decreto-lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións. (Boletín Oficial do Estado número 266, do 5 de novembro de 2019).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de adxudicación da obra “Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, a prol do licitador Construcciones J. Mauri e Hijos, SL., no prezo ofertado de 20.076,37 euros sen IVE (24.292,41 euros IVE incluído). Expte: 2018/C003/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2018/C003/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da obra “Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, cun orzamento base de licitación de 32.778,85 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.3 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 11 de xaneiro de 2019 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 1 de agosto de 2019, a prol do licitador “Construcciones J. Mauri e Hijos, SL.” no prezo ofertado de 20.076,37 euros sen IVE (24.292,41 euros IVE incluído) e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos- xefe da Sección de Servizos con data de 30 de xullo de 2019, ratificado pola Mesa de contratación celebrada o 1 de agosto de 2019.

Esto tendo en conta que a entidade que resultou inicialmente coa maior puntuación, “*Mecano Obras y Reformas, S.L.*”, non xustificou suficientemente a súa oferta que resultou anormalmente baixa, segundo o informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal - xefe da Sección de Servizos, con data de 11 de febreiro de 2019, ratificado pola Mesa de contratación celebrada o 22 de febreiro de 2019, e que a seguinte entidade mellor puntuada, “*Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*”, tampouco xustificou suficientemente a súa oferta, en presunción de ser anormalmente baixa, este segundo informe do enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal - xefe da Sección de Servizos con data de 15 de marzo de 2019, ratificado pola Mesa de contratación celebrada o 22 de marzo de 2019.

Visto que, outorgado ao licitador “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.” o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, éste achegou en prazo a documentación requirida, que foi emendada segundo acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 9 de outubro de 2019, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 6 de novembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 342/2019 Fase D/AD emitido polo interventor municipal con data do 6 de novembro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con 11 de xaneiro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Barnacle Obras y Servicios, S.L.
- BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.
- Canarga, S.L.
- Ceta Contratas, S.L.
- Construcciones Alejandro Martínez e Hijos, S.L.
- Construcciones Canosa, S.L..
- Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.
- Construcciones Pan y Díaz, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Excavaciones y Canalizaciones Conde, S.L.

- Excavaciones y Obras Candal, S.L.
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- Jardinería Arce, S.L.
- López y Leis, S.A.
- Mecano Obras y Reformas, S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 11 de xaneiro de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 24.616,05 euros:

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Contrato/concurso: Ampliación del Saneamiento en Sigras de Abaixo (Sigras) y Fraiz (Cecebre)

Prezo de licitación: 32778,85 €

Límite oferta temeraria: 24.466,52 €

[Exportar](#)

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	30.667,89	6,44	20,00	24,04	Non	44,04
2	BCNR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	28.843,29	12,01	20,00	44,84	Non	64,84
3	CANARGA S.L.	27.890,00	14,91	20,00	55,66	Non	75,66
4	CETA CONTRATAS S.L.	31.011,54	5,39	20,00	20,12	Non	40,12
5	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS S.L.	26.550,87	19,00	5,00	61,45	Non	66,45
6	CONSTRUCCIONES CANOSA S.L.	30.245,05	7,73	20,00	28,86	Non	48,86
7	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS S.L.	24.292,41	25,89	20,00	70,85	SI	90,85
8	CONSTRUCCIONES PAN Y DIAZ S.L.	28.747,06	12,30	20,00	45,92	Non	65,92
9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	23.997,40	26,79	20,00	72,06	SI	92,06
10	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	26.386,98	19,50	20,00	62,14	Non	82,14
11	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE S.L.	26.878,66	18,00	10,00	60,09	Non	70,09
12	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	26.404,08	19,45	20,00	62,07	Non	82,07
13	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.	24.253,07	26,01	5,00	71,01	SI	76,01
14	JARDINERIA ARDCE S.L.	26.386,98	19,50	20,00	62,14	Non	82,14
15	LOPEZ Y LEIS S.A.	28.072,00	14,36	20,00	53,61	Non	73,61
16	MECANO OBRAS Y REFORMAS S.L.	22.092,94	32,60	20,00	80,00	SI	100,00
17	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	30.022,14	8,41	20,00	31,40	Non	51,40

Terceiro: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica e incremento do prazo de garantía):

EMPRESA	PUNTOS
Mecano Obras y Reformas, S.L.	100
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	92,06
Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	90,85
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	82,14
Jardinería Arce, S.L.	82,14

Excavaciones y Obras Candal, S.L.	82,07
Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	76,01
Canarga, S.L.	75,66
López y Leis, S.A.	73,61
Excavaciones y Canalizaciones Conde, S.L.	70,09
Construcciones Alejandro Martínez e Hijos, S.L.	66,45
Construcciones Pan y Díaz, S.L.	65,92
BCNR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	64,84
Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	51,40
Construcciones Canosa, S.L.	48,86
Barnacle Obras y Servicios, S.L.	44,04
Ceta Contratas, S.L.	40,12

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 22 de febreiro de 2019, adoptado en base ao informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos-xefe da sección de Servizos con data 11 de febreiro de 2019, e segundo consta no informe técnico, declarar que a empresa “Mecano Obras y Reformas, S.L.”, que era a que obtiña a maior puntuación en aplicación dos criterios establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, non xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, toda vez que non aportou a documentación suficiente respecto á cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, (xustificación de prezos ofertados, volume de obra, relación entre costes laborais fixos e volume de obra contratada, cumprimento de obrigas salariais e relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas), co que se conclúe que non explica satisfactoriamente o baixo nivel de prezos ou costes propostos polo licitador, isto de conformidade co establecido na cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao contrato, e art. 149.4 da LCSP.

En consecuencia co anterior, e de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 22 de febreiro de 2019, declarar a renuncia da oferta presentada pola entidade “Mecano Obras y Reformas, S.L.” e, por conseguinte, excluíla da clasificación das ofertas presentadas, isto de conformidade co establecido na cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establecen que: *“A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración...”, e “Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou costes propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150. En xeral rechazaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inaxeitadas desde una perspectiva técnica, económica ou xurídica.”*

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 22 de marzo de 2019, adoptado en base ao informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos-xefe da sección de Servizos con data 15 de marzo de 2019, e segundo consta no informe técnico,

declarar que a empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” que era a que obtiña a seguinte mellor puntuación en aplicación dos criterios establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, non xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de ser anormalmente baixa, toda vez que non aportou a documentación suficiente respecto á cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, (xustificación de prezos ofertados, volume de obra, relación entre costes laborais fixos e volume de obra contratada, cumprimento de obrigas salariais e relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas), co que se conclúe que non explica satisfactoriamente o baixo nivel de prezos ou costes propostos polo licitador, isto de conformidade co establecido na cláusula 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao contrato, e art. 149.4 da LCSP.

En consecuencia co anterior, e de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 22 de marzo de 2019, declarar a renuncia da oferta presentada pola entidade “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” e, por conseguinte, excluíla da clasificación das ofertas presentadas, isto de conformidade co establecido na cláusula 15.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e art. 149.6 da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establecen que: *“A renuncia do licitador incursado en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración...”, e “Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou costes propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluíra da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150. En xeral rechazaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inaxeitadas desde una perspectiva técnica, económica ou xurídica.”*

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 1 de agosto de 2019, adxudicar a obra “Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, á empresa *Construcciones J. Mauri e Hijos, SL.*, con NIF B15261308 e domicilio na rúa Álvaro Cunqueiro 5, entresollado local 4 - 15008 A Coruña (A Coruña), no prezo ofertado de 24.292,41 euros IVE incluído (20.076,37 euros sen IVE) e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a seguinte entidade en orde de puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, ter xustificado suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de ser anormalmente baixa, este segundo informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal con data 30 de xullo de 2019 ratificado pola Mesa de Contratación o día 01/08/2019, e ter presentado a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación

atópanse na baixa económica ofertada e debidamente xustificada, así como no incremento do prazo de garantía a cinco anos.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Oitavo: Desígnase como director da obra ao o enxeñeiro de Camiños, canles e portos- xefe da sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade coa Resolución de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462, a coordinación de Seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L." (GALCOOR) con NIF B-70121108.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo: Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato, e máis aos departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 31 de outubro ao 7 de novembro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2201/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Educación, Medioambiente, Mobilidade e Sanidade número 2229/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2201/2019	31-10-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de novembro de 2019
2202/2019	31-10-2019	Recurso de reposición a acordos adoptados na Xunta de Goberno Local do 06.08.2019
2203/2019	31-10-2019	Autorización á Agrupación Socialista de Cambre para ocupar un espazo público no lateral de ABANCA, Cambre, o día 2 de novembro de 2019, e o día 8 de novembro de 2019, na rúa Polígono, á altura do nº 13, O Temple, co fin de difundir propaganda electoral da súa formación política
2204/2019	31-10-2019	Aprobación da xustificación e proposta de recoñecemento e liquidación de obrigas así como de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades en centros escolares correspondentes ao ano 2018
2205/2019	31-10-2019	Recurso de reposición ordinario. Expedientes sancionadores de tráfico
2206/2019	31-10-2019	Concesión bonotaxi para o exercicio 2019. Solicitante: SMM
2207/2019	31-10-2019	Solicitud de devolución de ingresos indebidos pola taxa por licenzas urbanísticas, realizada pola comunidade de propietarios de Río Barcés 6-8 e Río Gándara 7
2208/2019	04-11-2019	Denegar o recoñecemento de consolidación de grado. Solicitante: MVS
2209/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de BM, Expediente n.º. 3633/2018
2210/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de MAB, Expte. n.º. 3829/2019
2211/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de HJG, Expte. n.º. 3831/2019
2212/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de KM de G, Expediente n.º. 3882/2019

2213/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de FCS, Expediente n.º. 3900/2019
2214/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de FCCG, Expediente n.º. 3901/2019
2215/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de MGEM, Expediente n.º. 3905/2019
2216/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de BS de M, Expediente n.º. 4005/2019
2217/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de M del SVF, Expediente n.º. 4006/2019
2218/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de CVSG de M, Expediente n.º. 4008/2019
2219/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de TSL, Expediente n.º. 4009/2019
2220/2019	06-11-2019	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes da menor LLI, Expediente n.º. 4010/2019
2221/2019	06-11-2019	Pagamento segunda nómina mes de outubro 2019 por altas persoal técnico e alumnado escola taller 2019/2020 posterior ao peche
2222/2019	06-11-2019	Reposición legalidade urbanística por vertido e extendido de terras en finca sita no Canal, Cecebre. Propiedade: RAT
2223/2019	06-11-2019	Otras Contratacións: Nomeamento de docente para impartir formación en PRL nos cursos Plan AFD 2019-20
2224/2019	06-11-2019	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 23 metros lineais para a ampliación e desenvolvemento da rede pública de comunicacións electrónicas na rúa Otero Pedraio, á altura do edificio núm. 22, parroquia do Temple. Solicitante: TdeE, SAU
2225/2019	06-11-2019	Renovación licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: JAOF
2226/2019	06-11-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 8/2019. Becas e premios promoción empresarial
2227/2019	06-11-2019	Contrato Menor: Pólizas de seguros de accidentes e de responsabilidade civil. Cursos Plan AFD 2019-20
2228/2019	07-11-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
2229/2019	07-11-2019	Aprobación actividades de Nadal: Xogando no Nadal 2019 e Visita de Papá Noel aos centros escolares

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación número 2019/C003/000005, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II.”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña.

- Aprobación do expediente de contratación número 2019/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III.”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña.

- Proposta para a prórroga do contrato baseado no acordo marco para a contratación da subministración de gas natural a través da central de contratación da FEMP

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C003/000005, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II.”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 20 de novembro de 2018 foi redactado o proxecto denominado “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II” polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos, don Alejandro Peña López con número de Colexiado 14.385, cun orzamento de 133.710,80 € sen IVE, 161.790,07 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de novembro de 2018 polo arquitecto municipal, así como o informe de conformidade técnica ao proxecto, emitido polo arquitecto municipal coa mesma data.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP núm. 188, do 2 de outubro de 2018. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2019/19076, do 31 de maio de 2019, considerouse debidamente aprobado o plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", de data 29 de abril de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña) Fase II.	161.520,16	269,91 €	161.790,07

Consta o documento de retención de crédito emitido o 28 de maio de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 1532 60900 Infraestructuras novas pavimentación, por importe de 161.790,07 euros.

Consta acta de replanteo de data 6 de agosto de 2018.

Consta o informe técnico elaborado polo arquitecto municipal, de data 1 de outubro de 2019, no que consta a xustificación da necesidade e se propoñen, entre outros aspectos, os criterios de valoración de ofertas.

Consta a providencia de data 6 de novembro de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 7 de novembro de 2019 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas e mailo acceso aos núcleos de poboación [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000005, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra **“Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II”**, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de 147.081,88 euros, e cun orzamento base de licitación de 161.780,07 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente. Se ben, realizando nos mesmos as adaptacións necesarias, no Anexo II e cláusula 12.B, co fin de que no “Sobre B” se poida incluír a declaración responsable.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 161.790,07 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532 60900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III.", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 16 de novembro de 2018 foi redactado o proxecto denominado "*Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III*" polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos, don Alejandro Peña López con número de colexiado 14.385, cun orzamento de 87.118,59 € sen IVE, 105.413,49 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de novembro de 2018 polo arquitecto municipal, no que se recolle que a actuación prevista atópase na afección da estrada AC-12, polo que deberá obterse a autorización previa do Ministerio de Fomento, administración titular da estrada, segundo o establecido na Lei 37/2015 de carreteras. Tamén consta o informe de conformidade técnica ao proxecto, emitido polo arquitecto municipal con data de 1/10/2019.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP núm. 188, do 2 de outubro de 2018. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2019/19076, do 31 de maio de 2019, considerouse debidamente aprobado o plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", de data 29 de abril de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña) Fase III.	105.019, 77	393,72 €	105.413,49

Consta no expediente a autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento), requerida á vista do informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal o 28 de novembro de 2018, autorización que foi rexistrada de entrada no Concello ao núm. 0/3164 o día 14 de maio de 2019, na que se establece unha vixencia dun ano a contar dende a súa notificación.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 28 de maio de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 1532 60900 *Infraestructuras nuevas pavimentación*, por importe de 105.413,49 euros.

Consta acta de replanteo de data 6 de agosto de 2018.

Consta o informe técnico emitido polo arquitecto municipal con data 7 de outubro de 2019 no que consta a xustificación da necesidade e se propoñen, entre outros aspectos, os criterios de valoración de ofertas.

Consta a providencia de data 6 de novembro de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data 7 de novembro de 2019 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas e mailo acceso aos núcleos de poboación [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra "**Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III**", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de 95.830,45 euros, e cun orzamento base de licitación de 105.413,49 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente. Se ben, realizando nos mesmos as adaptacións necesarias, no Anexo II e cláusula 12.B, co fin de que no "Sobre B" se poida incluír a declaración responsable.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 105.413,49 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532 60900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C. Proposta para a prórroga do contrato baseado no acordo marco para a contratación da subministración de gas natural a través da central de contratación da femp

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“ANTECEDENTES

O Concello de Cambre, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro, adheriuse á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, co fin de poder contratar os servizos e subministracións que ofertase a citada Central, de conformidade coas condicións e prezos fixados nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita Central e as empresas adxudicatarias deles.

Con data 25 de febreiro de 2015, a Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias adxudicou a Naturgy Iberia S.A. (antes denominada Gas Natural SDG, S.A.), con CIF A-08431090 e domicilio social en Avda. de San Luís, 77, 28003 Madrid, os Lotes 1, 2, 3 e 4 do Acordo Marco para a subministración de gas natural (en adiante "Acordo Marco"), conforme á oferta presentada e de acordo co establecido nos pregos que rexen o citado Acordo Marco.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 20 de decembro de 2018, incoou e aprobou o expediente de contratación correspondente á subministración de gas natural a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias.

A adxudicación do contrato baseado foi efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 5 de febreiro de 2019, á empresa Naturgy Iberia, S.A. (antes Gas Natural Servicios SDG, S.A.), no importe anual de 18.842,93 euros (IVE incluído), cun importe total previsto (incluíndo prórroga) de 37.685,86 euros.

EXPOÑO

I. Que a FEMP licitou o Acordo Marco para a subministración de gas natural (en adiante, o "Acordo Marco"). O Acordo Marco está dividido en 4 lotes, en función das diversas áreas xeográficas.

Na licitación, resultou adxudicataria a mercantil NATURGY IBERIA, S.A. (antes denominada GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.) para os 4 Lotes. A formalización dos Acordos Marco produciuse o día 23 de marzo de 2015, finalizando a súa vixencia ordinaria o 23 de marzo de 2016.

O 24 de marzo de 2018 prorrogouse novamente o Acordo Marco coa adxudicataria GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., finalizando a súa vixencia o 24 de marzo de 2019.

O Concello de Cambre e NATURGY IBERIA, S.A., subscribiron o contrato baseado o pasado 18 de febreiro de 2019, cunha duración de 1 ano, a contar desde o día seguinte ao da formalización, finalizando o 19 de febreiro de 2020.

O Prego de cláusulas administrativas (en adiante, "PCA"), en consonancia co disposto no artigo 23.2 do Real decreto-lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, prevé na súa cláusula dezaoito a posibilidade de solicitar prórrogas nos seus contratos baseados:

"Os contratos baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do presente Acordo marco, incluídas as súas prórrogas. A duración máxima dos contratos baseados será de dous anos, incluíndo posibles prórrogas. Os contratos baseados poderán incluír revisión de prezos conforme co establecido no TRLCSP".

II. Coa intención de continuar prestando a subministración de gas natural e así non paralizar a súa contratación, e visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal, responsable do contrato, de data 8 de novembro de 2019, propoño acordar a subscrición dunha prórroga de 12 meses de duración, non superando o máximo de dous anos previsto no PCA.

III. A presente prórroga terá unha duración de 12 meses, concretamente desde o 19 de febreiro de 2020 ata o 19 de febreiro de 2021.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do contrato baseado e manteranse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA.

Por todo isto, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Prórroga do contrato baseado

O Concello acorda prorrogar o contrato baseado para a subministración de gas natural dende o día 19 de febreiro de 2020 ata o 19 de febreiro de 2021, tal e como se indica na cláusula dezaoito do PCA e o artigo 23 do TRLCSP:

Cláusula 18.4 do PCA: "Os contratos baseados poderán adjudicarse durante a vixencia do presente Acordo marco, incluídas as súas prórrogas. A duración máxima dos contratos baseados será de dous anos, incluíndo posibles prórrogas. Os contratos baseados poderán incluír revisión de prezos conforme co establecido no TRLCSP".

Artigo 23 TRLCSP: "A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, agás que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes."

Durante o prazo de duración da prórroga acordada, o contrato baseado mantense vixente en todos os seus termos e condicións.

Segundo.- Comunicación

O Concello acorda comunicar o presente acordo de prórroga á NATURGY IBERIA, S.A. (antes denominada GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.), a través da Plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia